REUNIÓN DA COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de marzo de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 2631 (10/POC-000333)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das distintas fases de construción da nova depuradora de augas residuais en Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

1.2 3006 (10/POC-000476)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación coas actividades de depósito de material asfáltico realizadas en solo rústico no lugar de Vilar do Colo, no concello de Cabanas, declaradas ilegais pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

1.3 3221 (10/POC-000530)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do afastamento dos límites do tecor, ou terreo cinexeticamente ordenado, de San Vicenzo de Elviña da área urbana do barrio Novo Mesoiro, da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

1.4 3761 (10/POC-000629)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o desenvolvemento das obras de construción das infraestruturas de saneamento no concello de Ribeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

1.5 3915 (10/POC-000674)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o orzamento consignado e os prazos que está a valorar o Goberno galego para a execución da vía de alta capacidade da Costa Norte, entre a

PARLAMENTO
DE GALICIA

localidade de Barreiros e a cidade de Ferrol, o proxecto que se vai executar e os criterios seguidos na súa elaboración
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

1.6 4667 (10/POC-000801)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto que tiveron na actividade diaria da cidadanía os cortes, as demoras e as suspensións de servizos nas liñas de transporte ferroviario durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 2631(10/POC-000333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das distintas fases de construción da nova depuradora de augas residuais en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:56
Nº Rexistro: 2631
Data envio: 27/12/2016 11:56:17.475

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

No ano 2011, tres deputados do Grupo Socialista presentaban unha pregunta no rexistro da Cámara na que, na parte expositiva, dicían:

"En Santiago de Compostela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). A existente está excedida, afectando á calidade das augas do río Sar. É un problema que arrastran os veciños de Compostela dende hai anos e que semellaba estar nos últimos meses en vías de solución: un espazo destinada a tal fin, un proxecto ultimado, na fronteira das opcións técnicas dispoñibles, cun tratamento de membranas e unha capacidade de tratamento equivalente a unha cidade de 264.00 habitantes, e un compromiso firme do Ministerio de Fomento para o seu financiamento, cunha achega substancial de fondos europeos, na contorna dos 40 millóns de euros. Existe unha oposición veciñal á radicación, que solicita dende hai tempo un cambio que a afaste das súas vivendas e que se plasmou en acción xudicial.

De acordo con noticias de prensa, o alcalde de Santiago de Compostela asegura o quince de novembro de 2011 que está ultimado o cambio de radicación da nova depuradora, o que significaría o seu traslado, de cordo coas información publicadas, un quilómetro augas abaixo, na marxe dereito do dío Sar, nos confíns do concello de Santiago con Ames. E as información de prensa dan por suposto o apoio da xunta de Galicia á nova operación.

Este cambio implica algúns riscos serios para o futuro. O primeiro, de prazos; o segundo, en parte derivado do primeiro, de financiamento. O que podería dar lugar a unha repercusión notable do custe sobre as

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:56
Nº Rexistro: 2631
Data envio: 27/12/2016 11:56:17.475

tarifas de depuración que deberían soportar a cidadanía de Compostela no futuro.

De prazos por canto sería preciso, unha vez determinado o terreo adecuado, efectuar as expropiacións necesarias, realizar unha nova declaración de impacto ambiental (a depuradora instalaríase sobre unha zona virxe, de relevo accidentado, poboada por unha fraga de especies tradicionais), adecuar, cando menos, o proxecto existente para situalo na nova radicación. É preciso unha actuación urxente por canto a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova estación; e podería facer incorrer en causa de sanción por parte da Unión europea. Lembremos que o tribunal de xustiza xa declarou culpable a España de incumprir a normativa sobre augas residuais en 38 aglomeracións urbanas, entre elas Compostela, o que deu un pulo á construción da nova depuradora.

É de financiamento por canto os custes aumentarán; e existe un risco elevado, pola posibilidade de perda dos fondos comunitarios (aproximadamente 38 millóns de euros) e dunha eventual sanción (que poderiamos cifrar nun mínimo de 40 millóns de euros)".

A día de hoxe non hai novos avances, polo que o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Que avaliación temporal fai a Xunta de Galicia sobre as distintas fases de construción da nova depuradora?

2.ª) Cal é a día de hoxe o custe asociado á mesma?

3.ª) Como se distribuiría este custo entre as distintas administración implicadas?

4.ª) Ten avaliado os efectos sobre a poboación que vive na contorna?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2016
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Patricia Vilán Lorenzo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:56
Nº Rexistro: 2631
Data envio: 27/12/2016 11:56:17.475

Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/12/2016 11:38:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/12/2016 11:38:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 3006(10/POC-000476)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación coas actividades de depósito de material asfáltico realizadas en solo rústico no lugar de Vilar do Colo, no concello de Cabanas, declaradas ilegais pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 11:15
Nº Rexistro: 3006
Data envio: 05/01/2017 11:15:23.234

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral na **Comisión 2.ª**, relativa a Construcciones Manmer.

O 30 de xaneiro de 2014, a Dirección Xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística dita resolución de reposición da legalidade urbanística en relación co expediente sobre actividade realizada en solo rústico sen licenza municipal por parte de Construcciones Manmer S.L., consistente no depósito de material asfáltico no lugar de Vilar do Colo, parroquia de Laraxe, no termo municipal de Cabanas.

Segundo consta en dita resolución, procede declarar que a actividade realizada consistente no depósito de materiais na zona dos terreos na que é de aplicación o réxime xurídico do solo rústico de especial protección de infraestruturas, non é legalizable por ser incompatible co ordenamento urbanístico.

Construcciones Manmer están a depositar material asfáltico e entullos en Vilar do Colo, estando os depósitos contiguos á AP-9. Unha parte do depósito está dentro da zona de servidume da autoestrada; outra parte está na metade do total do terreo, na zona de afectación da infraestrutura.

Os depósitos de material teñen un volume aproximado entre 80.000 e 100.000 m3 e unha altura sobre a rasante natural de 5, 7 e 10 metros en sucesivas plataformas, formando noiros de entre 70 e 80 graos de pendente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 11:15
Nº Rexistro: 3006
Data envio: 05/01/2017 11:15:23.234

Polas lindes oeste e suroeste do terro pasa un regato e nalgúns puntos o seu cauce está invadido por grandes pedras e outros restos materiais menores.

A Resolución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tamén considera probado que a actividade de deposito de material asfáltico está actualmente en curso de execución e carece de licenza urbanística municipal.

Polo feitos declarados probados, a Axencia resolve:

1. "Declarar a actividade realizada por Construcciones Manmer SL consistente no depósito de material asfáltico no lugar de Vilar do Colo, unha actividade non é legalizable por serlle de aplicación ao terreo que ocupa o réxime xurídico do solo rústico de protección de infraestruturas e o réxime xurídico do solo rústico de protección das augas incompatible co ordenamento urbanístico que o fai incompatible co ordenamento urbanístico.

2. Ordenar a Construcciones Manmer a retirada do material asfáltico e entullos depositados nazona, a reposición da mesma ao seu estado orixinal no prazo de tres meses dende a notificación da resolución a cargo da empresa infractora e o cese definitivo da actividade.

O prazo establecido para a presentación da solicitude da licenza urbanística municipal para o réxime xurídico de solo rústico de protección ordinaria como para a interposición de recurso de reposición ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ou para interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado por parte de Construcciones Manmer e en función das competencias que ostenta a Xunta de Galicia para o caso de actividades prohibidas en solo rústico de calquera categoría ten expirado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 11:15
Nº Rexistro: 3006
Data envio: 05/01/2017 11:15:23.234

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por ahora a situación segue ser a mesma e non se teñen realizado actuacións para a reposición do estado orixinal do lugar, e en definitiva cumplir coa resolución da APLU.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para resposta oral na Comisión 2.ª:

1.- Está a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para a protección da legalidade respecto das actividades realizadas en solo rústico no lugar de Vilar do Colo que foron declaradas ilegais pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística?

2.- Estase a executar o punto 1ºc da Resolución da Axencia mediante a imposición a Construcciones Manmer S.L. de multas coercitivas en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/01/2017 11:14:50

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 3221(10/POC-000530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do afastamento dos límites do tecor, ou terreo cinexeticamente ordenado, de San Vicenzo de Elviña da área urbana do barrio Novo Mesoiro, da Coruña

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3221
Data envio: 12/01/2017 13:49:18.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Na aprobación do Plano Xeral de Ordenación Urbana de 1988 do concello da Coruña, prevíase a construción dunha nova zona urbana na parroquia de San Vicenzo de Elviña.

Desde entón, e en distintas fases, foise construíndo desde 2002 un novo barrio, Novo Mesoiro, que a falta de remate dalgún solar, na actualidade xa rexistra 3.490 vivendas construídas e 6.953 persoas censadas (datos do censo publicado a 1 de xaneiro de 2015).

A maiores, no perímetro deste novo barrio, xa con anterioridade existían os núcleos poboacionais de Feáns e Vío, así coma numerosas casas dispersas en toda unha zona que abarca aproximadamente máis de 2 quilómetros cadrados e con case 1.811 almas censadas.

Toda esta zona que limita co concello contiguo de Arteixo é unha área de monte baixo principalmente conformada por plantacións de eucaliptos ademais doutras zonas con loureiros, castiñeiros e sobre todo toxeiras e silveiras e que se enmarca dentro do Tecor societario de San Vicenzo de Elviña.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3221
Data envio: 12/01/2017 13:49:18.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os limites urbanos e urbanizados invaden a zona do Tecor e, ano tras ano, cando comeza a temporada de caza, prodúcense situacións de risco (sen ir máis lonxe as dúas últimas fins de semana de outubro, e co bo tempo, puidéronse escoitar os disparos das batidas perfectamente no centro do barrio).

Ao ser unha zona onde hai moito desmonte e paso de servidume préstase para andainas e actividades de bicicross, cross e mesmo de paseo, polo cal hai moita veciñanza que na fin de semana disfruta da natureza que ten a man empregando todo este monte entre os municipios de A Coruña e Arteixo.

A construción do barrio Novo Mesoiro ó longo dos últimos 14 anos deu lugar a que as lindes deste Tecor, en toda esta zona urbana, estea a ras do propio límite urbanizado, provocando os extremos da zona de caza rematen no urbanizado e facendo que calquera límite da zona de caza se sitúe próximo ó desenvolvemento ordinario das actividades propias dunha zona urbana.

Hai un sentir maioritario na poboación do Novo Mesoiro coincidente en solicitar que o Tecor sexa afastado da zona urbana (non eliminado) xa que logo tamén hai veciñanza da zona que é cazadora e emprega o monte nesta época para practicar a caza. Mesmo estes últimos entenden que na actualidade o límite, que comeza na propia urbanización, non é acaído xa que existe desde antes da construción do barrio, e, unha vez construído este, non se actualizou.

Xa que logo, non se está a pedir a eliminación ou supresión do Tecor senón o seu alonxamento perimetral co obxecto de que se establezan medidas de prevención para as persoas que residen neste barrio de calquera incidencia que puidese producirse.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3221
Data envio: 12/01/2017 13:49:18.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- É coñecedora a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da situación a respecto do terreo cinexéticamente ordenado (TECOR) societario de San Vicenzo de Elviña e da actual incidencia na área urbana de Novo Mesoiro na Coruña?

- Ten pensado atender, á maior brevidade, as demandas da veciñanza de Novo Mesoiro e realizar un alonxamento dos límites do Tecor no que respecta á área urbana?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 13:45:12

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 13:45:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3221
Data envio: 12/01/2017 13:49:18.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 13:45:23

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 13:45:25

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 13:45:29

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 13:45:32

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.4 3761(10/POC-000629)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o desenvolvemento das obras de construción das infraestruturas de saneamento no concello de Ribeira

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:49
Nº Rexistro: 3761
Data envio: 19/01/2017 12:49:45.182

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

En 2014 comezaron as obras de depuración de augas de Ribeira , cofinanciadas a través de Augas de Galicia e ACUAES, adxudicadas á UTE, encabezada por COPASA S.A. e por PESA MEDIOAMBIENTE S.A.U., e utilizando fondos europeos "fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural"

Dende comezos de agosto, a veciñanza, da zona onde se instalaron as Estacións de Bombeo (principalmente pola zona de beiramar, dende Palmeira ata Couso (Aguiño)) e as conducións, veñen denunciando vertidos incontrolados, deficiencias de funcionamento na infraestrutura e malos cheiros provocados pola xeración de Sulfuro de Hidróxeno, insoportable, por momentos, nas zonas máis próximas a ditas estacións e nalgún outro punto conflitivo. Tamén están denunciando problemas de saúde relacionados cos gases emitidos, afeccións respiratorias, reaccións alérxicas, mareos, náuseas e vómitos.

Denuncian, tamén, falta de transparencia por parte das institucións, resultándolles imposible ter acceso á información relativa ás obras feitas diante das súas casas e aos informes de medicións de gases, sentíndose desamparados e nunha situación de alarma permanente. Levan semanas agardando resultados das medicións de gases sen resposta por parte da Xunta e tamén solicitaron o expediente de obra, co mesmo resultado, para ter información de que tipo de construción teñen diante das súas casas e que lles está a xerar tantos problemas, afectando a unha poboación de 3000 veciños e veciñas aproximadamente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:49
Nº Rexistro: 3761
Data envio: 19/01/2017 12:49:45.182

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, o deputado que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

1.ª) Poderían darnos conta do investimento realizado en dita obra, licitación inicial, prezo de adxudicación no concurso público e se houbo concesións de ampliación do teito de adxudicación, coa súa correspondente xustificación, e de que partidas saíu dito investimento?

2.ª) Que modificacións houbo con respecto ao proxecto inicial?

3.ª) Que procedemento se segue coas augas residuais do polígono industrial? Que protocolo se segue para comprobar que esas augas son sometidas á preceptiva depuración in situ, previa ao seu vertido na rede?

4.ª) A que parte da EDAR van as augas do polígono industrial en particular, e as augas industriais en xeral?

5.ª) Que tipo de control periódico se realiza desas emisións á ría, para garantir que eses efluentes cumpran cos parámetros recollidos na lexislación vixente?

6.ª) Que medidas se tomaron de cara a evitar vertidos ilegais que nos leven a ter que pagar unha nova indemnización, como a que houbo que pagarlle aos bateeiros polos danos causados polas emisións aos seus cultivos?

7.ª) Aseguran estas novas instalacións que non vaiamos seguir padecendo multas "de Europa" por inaceptables niveis de contaminación da Ría de Arousa**?.** A partir de que prazo (van máis de cinco meses) ten pensado a Xunta de Galicia actuar implementando medidas ou instalacións suficientes para unha eficaz

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:49
Nº Rexistro: 3761
Data envio: 19/01/2017 12:49:45.182

eliminación das graves molestias e riscos para a saúde da veciñanza, así como do medio ambiente?

8.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia depurar responsabilidades por tan desastrosa xestión de graves consecuencias para o medio ambiente e para a calidade de vida da veciñanza?

9.ª) Está previsto dar información ós veciños solicitantes da mesma, garantindo o dereito á información medioambiental?

10.ª) Poden garantirlle ás veciñas que unha vez rematadas as reparacións das graves carencias, os problemas dos cheiros e a emisión de gases non se volverán repetir en ningún grao de intensidade?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/01/2017 12:47:07

Antón Sánchez García na data 19/01/2017 12:47:33

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.5 3915(10/POC-000674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o orzamento consignado e os prazos que está a valorar o Goberno galego para a execución da vía de alta capacidade da Costa Norte, entre a localidade de Barreiros e a cidade de Ferrol, o proxecto que se vai executar e os criterios seguidos na súa elaboración

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:42
Nº Rexistro: 3915
Data envio: 23/01/2017 13:42:50.052

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A VAC da Costa Norte, 80 km. que unirán a localidade mariñá de Barreiros coa cidade de Ferrol, foi prometida pola Xunta de Galiza para o ano 2007. Despois dunha década apenas foron construídos pouco máis de 16 km. No concreto, oito no tramo de Ortigueira xunto cos recentemente inaugurados 8km. entre Celeiro e San Cibrao.

Unha década de atrasos que manteñen en illamento as poboacións do litoral norte do país e que causa un profundo malestar e rexeitamento entre os gobernos municipais destas comarcas, como evidenciou o manifesto publicado de maneira conxunta polas alcaldías de Ferrol, Narón, Neda, Cedeira, San Sadurniño, Valdoviño, Moeche, Cerdido, Ourol, Viveiro, Cariño e Ortigueira.

Dentro do proxecto inclúese a construción da denominada Variante de Viveiro, unha infraestrutura, en forma de i grego, chave para a mellora da conexión por estrada da localidade e para evitar, ademais, que o tráfico pesado e comercial pase polo centro da vila.

O proxecto orixinal, consensuado coa veciñanza, foi modificado polo goberno galego en 2010 o que carrexou malestar, críticas e mesmo un recurso xudicial que finalmente foi resolto en favor da administración polo Tribunal Supremo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:42
Nº Rexistro: 3915
Data envio: 23/01/2017 13:42:50.052

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que orzamento hai consignado para o proxecto da VAC da Costa Norte para esta lexislatura?

- Que prazos de execución está a manexar o goberno galego?

- Que proxecto executará o goberno finalmente?

- A infraestrutura está proxectada con criterios de corredor pensando no seu desdobramento futuro como prometeu o Partido Popular na campaña electoral de 2009?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 13:41:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:42
Nº Rexistro: 3915
Data envio: 23/01/2017 13:42:50.052

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 13:41:23

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 13:41:26

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 13:41:28

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 13:41:31

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 13:41:39

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.6 4667(10/POC-000801)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto que tiveron na actividade diaria da cidadanía os cortes, as demoras e as suspensións de servizos nas liñas de transporte ferroviario durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4667
Data envio: 07/02/2017 14:21:55.056

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpabilizaba de calquera problema que xurdía ao Goberno galego, dende o mesmo momento de producirse, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende o xoves pasado, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción da Xunta de Galicia ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país. Nos cortes no subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos a súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez máis a súa incapacidade de coordinación.

A afectación nas infraestruturas de transporte foi especialmente grave na costa atlántica, os retrasos e as interrupcións de servizos ferroviarios, e a falla de coordinación no establecemento de servizos alternativos por estrada, fixo que os afectados se contaran por miles. Como exemplo, a liña ferroviaria Vigo – Ourense estivo case tres días inutilizada. E os transportes alternativos por estrada foron escasos, mal planificados e desenvolvidos cunha absoluta falla de información ás persoas usuarias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4667
Data envio: 07/02/2017 14:21:55.056

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos graves efectos que tivo na vida cotiá dos galegos e das galegas os cortes nas liñas de transporte ferroviario no primeiro fin de semana de febreiro?

2. Vai considerar a Xunta de Galicia a apertura dun expediente informativo á Administración ferroviaria ante a prolongada afectación nas liñas férreas do temporal?

3. Vai esixir a Xunta de Galicia compensacións económicas a Administración ferroviaria polos danos provocados na actividade diaria das persoas polos retrasos e suspensión de servizos?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 14:11:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 14:11:16

Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2017 14:11:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4667
Data envio: 07/02/2017 14:21:55.056

Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 07/02/2017 14:11:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es